



Ola familias!

En primeiro lugar, esperamos que todos esteades ben nestas circunstancias adversas que estamos a vivir.

Sabemos que, para moitos de vós e para nós, a conciliación converteuse nunha tarefa complicada e que estamos a facer verdadeiros malabares para afrontalo "normalmente".

O servizo de almozos converteuse nunha parte importante da nosa conciliación diaria entre o traballo e a vida familiar.

Por este motivo, un grupo de pais solicitou a esta ANPA a restauración do devandito servizo.

Levamos algún tempo en contacto e pensamos que a mellor opción é a renovación da ANPA (aínda que poida haber algún membro antigo) na que entraría algún destes pais.

A ANPA sempre solicitou a vosa axuda, para aportar ideas ou facerse parte activa dela, pero neste momento a vosa axuda é máis que nunca necesaria.

Actualmente, só 4 persoas forman parte da directiva da ANPA e, pensando en restablecer gradualmente a actividade normal, parécennos insuficientes.

Animámosvos a que aportedes o voso gran de area.

Por último, non queremos deixar pasar a ocasión sen agradecer ás familias e á comunidade educativa o gran esforzo realizado neste atípico curso.

**GRAZAS A TODOS POLO VOSO ESFORZO !!**